

Decreto 29/2000, do 20 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento do imposto sobre a contaminación atmosférica

(DOG núm. 34 de 18 de febreiro de 2000)

A entrada en vigor da Lei 12/1995, do 29 de decembro, do imposto sobre a contaminación atmosférica supuxo, o establecemento e a aplicación, a partir do 1 de xaneiro de 1996, dun novo imposto que recae sobre a contaminación atmosférica, producida por emisións de dióxido de xofre e de calquera outro composto osixenado do xofre e de dióxido de nitróxeno ou calquera outro composto osixenado do nitróxeno.

Co obxecto de lle dar cumprimento ó texto legal, promulgouse o Decreto 4/1996, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento do imposto sobre a contaminación atmosférica, no que se regulaban, entre outras materias, aspectos de xestión e liquidación do citado tributo.

Non obstante, a experiencia acumulada na xestión e liquidación do tributo vén suxerir unha serie de modificacións que permitan unha xestión máis flexible e máis axeitada ó obxecto do propio tributo.

Quedaban, así mesmo, unha serie de aspectos por regular, como son a determinación da base imponible do imposto mediante o método de estimación obxectiva e o fondo de reserva para atender danos extraordinarios e situacións de emerxencia provocadas por catástrofes ambientais, que se pospuxeron para un decreto posterior.

Mediante este decreto defínese, así mesmo, o concepto, para os efectos do imposto, de foco emisor, establecido pola lei no seu artigo 9, sen que isto veña supoñer modificación ningunha respecto do establecido polo Decreto 4/1996, por ser o foco emisor o elemento fundamental ó redor do que se constrúe o tributo, e iso baseado na diferente incidencia que teñen na atmosfera as emisións realizadas en puntos xeográficos distantes respecto das emisións realizadas de forma concentrada por un suxeito pasivo a través de distintas chemineas, válvulas, canais de desaugamento ou outros puntos ou fontes concretos de emisión. Pola importancia que ten o control dos

distintos focos, é imprescindible contar cun bo instrumento de xestión: o rexistro de focos emisores.

De cara á seguridade xurídica e co desexo de que un só texto normativo regule os aspectos regulamentarios previstos na lei, por proposta do conselleiro de Economía e Facenda, de acordo co dictame do Consello Consultivo de Galicia, e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do vinte de xaneiro de dous mil,

DISPOÑO:

Artigo único.

Aprobación do Regulamento do imposto sobre a contaminación atmosférica.

Apróbase o Regulamento do imposto sobre a contaminación atmosférica que figura como anexo deste decreto.

Disposición derogatoria

A partir da entrada en vigor deste decreto quedará derogado o Decreto 4/1996, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento do imposto sobre a contaminación atmosférica, así como toda a normativa de igual rango ou inferior que se opoña ó establecido neste decreto. Exceptúase expresamente desta derogación a Orde do 26 de xaneiro de 1996, da Consellería de Economía e Facenda, pola que se aproban os modelos de xestión e liquidación do imposto sobre a contaminación atmosférica.

Disposición derradeira primeira

Facúltase o conselleiro de Economía e Facenda para dictar cantas disposicións se consideren oportunas para o desenvolvemento e a execución deste decreto.

Disposición derradeira segunda

Este decreto entrará en vigor ós vinte días da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

- ANEXO: REGULAMENTO DO IMPOSTO SOBRE A CONTAMINACIÓN ATMOSFÉRICA

Sumario

CAPÍTULO I: DISPOSICIÓNS XERAIS.

Artigo 1º. Ámbito do tributo.

Artigo 2º. Foco emisor.

Artigo 3º. Competencias.

Artigo 4º. Afectación dos ingresos.

CAPÍTULO II: ELEMENTOS DO IMPOSTO.

Artigo 5º. Feito imponible.

Artigo 6º. Suxeito pasivo.

Artigo 7º. Base imponible.

Artigo 8º. Determinación da base imponible: estimación directa.

Artigo 9º. Determinación da base imponible: estimación obxectiva.

Artigo 10º. Determinación de oficio da base imponible.

Artigo 11º. Tipo de gravame.

Artigo 12º. Devengo.

CAPÍTULO III: XESTIÓN DO TRIBUTO.

Artigo 13º. Declación-liquidación mensual.

Artigo 14º. Declaración-resumo anual.

Artigo 15º. Ingreso.

Artigo 16º. Límites cuantitativos da obriga de declarar.

Artigo 17º. Comprobación.

Artigo 18º. Revisión.

Artigo 19º. Infraccións e sancións.

CAPÍTULO IV: REXISTRO DE FOCOS EMISORES DE SUBSTANCIAS CONTAMINANTES.

Artigo 20º. Sede.

Artigo 21º. Declaración de alta.

Artigo 22º. Inscripción.

Artigo 23º. Modificación.

CAPÍTULO V: FONDO DO IMPOSTO SOBRE A CONTAMINACIÓN ATMOSFÉRICA.

SECCIÓN 1ª. NORMAS XERAIS.

Artigo 24º. Destino do Fondo do Imposto de Contaminación Atmosférica.

Artigo 25º. Dotación do Fondo do Imposto de Contaminación Atmosférica.

Artigo 26º. Comisión do Fondo do Imposto de Contaminación Atmosférica.

Artigo 27º. Competencias da Comisión do Fondo do Imposto de Contaminación Atmosférica.

Artigo 28º. Sesións da Comisión do Fondo do Imposto de Contaminación Atmosférica.

SECCIÓN 2ª. INICIACIÓN, ORDENACIÓN E INSTRUCCIÓN DO PROCEDEMENTO DE DISPOSICIÓN DO FONDO DO IMPOSTO DE CONTAMINACIÓN ATMOSFÉRICA.

Artigo 29º. Formas de iniciación.

Artigo 30º. Información previa.

Artigo 31º. Ordenación e instrucción do procedemento.

SECCIÓN 3ª. INSTRUCCIÓN DO PROCEDEMENTO DE DISPOSICIÓN DO FONDO DO IMPOSTO DE CONTAMINACIÓN ATMOSFÉRICA.

Artigo 32º. Terminación.

Artigo 33º. Carácter das prestacións.

Artigo 34º. Informe.

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1º. Ámbito do tributo.

O imposto sobre a contaminación atmosférica recaerá sobre as emisións de substancias contaminantes a que se refire o artigo 5 deste regulamento, producidas polos focos que se atopen situados dentro do ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 2º. Foco emisor.

Para os efectos de aplicación do imposto entenderase por foco emisor o conxunto de instalacións de calquera natureza, constituído, de ser o caso, por unha ou máis chemineas, válvulas, canais de desaugamento, ou outras fontes ou puntos de emisión que emitan á atmosfera substancias contaminantes gravadas.

Artigo 3º. Competencias.¹

O exercicio das funcións de aplicación e de revisión en vía administrativa do imposto, así como o exercicio da potestade sancionadora en materia tributaria, corresponderá aos órganos correspondentes da consellería competente en materia de facenda.

A competencia territorial atribuirase á delegación territorial da administración tributaria en cuxo ámbito territorial estea ubicado o foco emisor.

Artigo 4º. Afectación dos ingresos.

Os ingresos provenientes do imposto sobre a contaminación atmosférica, deducidos os custos de xestión, destinaranse a financiar as actuacións da Comunidade en materia de protección ambiental e conservación dos recursos naturais de Galicia, en virtude do que cada ano se determine nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, e, en particular, á constitución do fondo regulado no capítulo V deste regulamento.

¹ Modificado polo Decreto 10/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproban determinadas modificacións en materia de taxas e prezos, do imposto de contaminación atmosférica e en materia económico-administrativa (DOG nº 18, do 27 de xaneiro de 2009)

CAPÍTULO II

Elementos do imposto

Artigo 5º. Feito imponible.

1. Constitúe o feito imponible a emisión á atmosfera de calquera das seguintes substancias:

- a) Dióxido de xofre ou calquera outro composto osixenado do xofre.
- b) Dióxido de nitróxeno ou calquera outro composto osixenado do nitróxeno.

2. Presumirase realizado o feito imponible mentres as instalacións emisoras non cesen na súa actividade e tal circunstancia sexa posta en coñecemento da Administración.

Artigo 6º. Suxeito pasivo.

Serán suxeitos pasivos en calidade de contribuíntes as persoas ou entidades que sexan titulares das instalacións ou actividades que emitan as substancias contaminantes referidas.

Artigo 7º. Base imponible.

1. Constitúe a base imponible a suma das cantidades emitidas de cada unha das substancias contaminantes por un mesmo foco emisor.

Para istos efectos:

- a) As cantidades emitidas de dióxido de xofre e de dióxido de nitróxeno expresaranse en toneladas.
- b) As cantidades emitidas de compostos osixenados de xofre expresaranse en toneladas equivalentes de dióxido de xofre e,
- c) As cantidades emitidas de compostos nitroxenados expresaranse en toneladas equivalentes de dióxido de nitróxeno.

2. A cuantificación da base imponible referirase ó ano natural.

Artigo 8º. Determinación da base imponible: estimación directa.

A base imponible determinarase por estimación directa, nos casos en que as instalacións incorporen sistemas de medida de cantidade de substancias contaminantes emitidas.

Artigo 9º. Determinación da base imponible: estimación obxectiva.

1. Nos supostos de focos emisores que non contén cos aparellos de medición a que se refire o artigo anterior, procederase á determinación da base imponible mediante a estimación obxectiva que resulte dos indicadores aprobados no punto 5 deste artigo aplicados de acordo coas regras establecidas neste artigo.

2. Os indicadores aprobados no punto 5 deste artigo poderán ser utilizados para determinar a base imponible nos supostos nos que sexa de aplicación o artigo seguinte.

3. O método de estimación obxectiva ten como finalidade a determinación da base imponible mensual do imposto, medida en tm.

4. Deberán calcular a base imponible mediante estimación obxectiva os suxeitos pasivos que reúnan os requisitos seguintes:

a) Que non contén cos aparellos de medición a que se refire o artigo 8º.

b) Que, polo menos o 80% dos combustibles utilizados na/s súa/s instalación/s, sexan fluídos.

5. A cantidade estimada de SO_x emitida mensualmente realizarase aplicando a seguinte fórmula:

$$X = 2 * C * PCS * (x - y * z)$$

Onde:

X= cantidade de SO_x emitida mensualmente expresada en Tm equivalentes de dióxido de xofre (Tm/mes).

C= cantidade de combustible consumido mensualmente en Tm (Tm/mes).

x= tanto por un en peso de xofre no combustible.

y= tanto por un en peso de cinzas no combustible.

z= tanto por un en peso de xofre nas cinzas (g/kg).

6. A cantidade estimada de NO emitida mensualmente realizarase aplicando a seguinte fórmula:

$$Y = FENO_x * C * PCS * 10^{-6}$$

Onde:

Y= cantidade de NO_x emitida mensualmente expresada en Tm equivalentes de dióxido de nitróxeno (Tm/mes).

C= cantidade de combustible consumido mensualmente expresado en Tm (Tm/mes).

PCS= poder calorífico superior do combustible (Mj/kg).

FENO_x= factor de emisión de compostos oxidados de nitróxeno expresados en g/Gj equivalentes de dióxido de nitróxeno, que será, en cada caso, o que resulte da táboa seguinte:

Combustible e tipo de combustión	Potencia térmica nominal (Mw th)			
	Menor 50	50-100	100-300	Maior 300
Fueloil número 2				
-Ignición parede ou fondo	180	190	210	260
-Ignición tanxencial	140	150	170	210
Fueloil número 1	100	100	100	na(*)
Gasóleo ou fueloil BIA	80	100	100	na(*)
Gas natural	100	125	150	170

(*) Non aplicación.

Artigo 10º. Determinación de oficio da base imponible.

A Administración poderá sinalar de oficio, coa información dispoñible, a base que corresponda a aquel suxeito pasivo que, incumprindo as normas fiscais, fixera imposible a súa determinación a través das vías previstas nos artigos precedentes.

Artigo 11º. Cuota tributaria²

² Modificado polo Decreto 10//2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproban determinadas modificacións en materia de taxas e prezos, do imposto de contaminación atmosférica e en materia económico-administrativa (DOG nº 18, do 27 de xaneiro de 2009)

A cuota tributaria virá determinada pola aplicación da seguinte tarifa impositiva por tramos de base:

Tramos de base	Euros/Tm
De 0 a 100'00 Tm anuais	0
De 100'01 a 1.000'00 Tm anuais	36
De 1.000'01 a 3.000'00 Tm. anuais	50
De 3.000'01 a 7.000'00 Tm. anuais	70
De 7.000'01 a 15.000'00 Tm. anuais	95
De 15.000'01 a 40.000'00 Tm. anuais	120
De 40.000'01 a 80.000'00 Tm. anuais	150
De 80.000'01 Tm. anuais en diante	200''

Artigo 12º. Devengo.

O imposto devengarase no momento da emisión de calquera das substancias contaminantes gravadas.

CAPÍTULO III

Xestión do tributo

Artigo 13º. Declaración-liquidación mensual.

Os suxeitos pasivos están obrigados a presentaren unha declaración liquidación segundo o modelo aprobado para o efecto, dentro de cada mes, perante a delegación da Consellería de Economía e Facenda correspondente á situación xeográfica do foco emisor.

A devandita declaración liquidación referirase á base imponible acumulada no ano ata o final do mes inmediatamente anterior, ingresándose a diferenza que resulte entre a cota correspondente á dita base e a ingresada nos meses anteriores referida ó exercicio obxecto de liquidación.

No mes de xaneiro presentarse a declaración liquidación correspondente a decembro.

Artigo 14º. Declaración-resumo anual.

Ademais, no mes de marzo de cada ano, e no modelo aprobado para tal efecto, presentarase un resumo anual, referido ó ano natural inmediatamente anterior.

Artigo 15º. Ingreso³.

O ingreso das cantidades correspondentes ao pagamento do imposto efectuaranse ao traveso das entidades de depósito autorizadas para actuar como colaboradoras na xestión recadatoria dos ingresos xestionados pola consellería competente en materia de facenda

Artigo 16º. Límites cuantitativos da obriga de declarar.⁴

Non estarán obrigados a presentar as correspondentes autoliquidacións mensuais e o resumo anual os suxeitos pasivos que, respecto a un foco emisor, non superasen as 80 toneladas emitidas das substancias gravadas no ano inmediato anterior.

Nestes casos, se ao longo dun exercicio se chegasen a superar as 100 toneladas emitidas, presentaranse as oportunas autoliquidacións a partir do mes seguinte a aquel en que se producise esa circunstancia e, no prazo indicado no artigo precedente, o correspondente resumo anual.

Da forma expresada no parágrafo anterior procederán os suxeitos pasivos titulares de novos focos emisores a partir da súa posta en funcionamento.

Artigo 17º. Comprobación.

As declaracións liquidacións presentadas conforme os artigos anteriores serán obxecto de comprobación por parte dos servicios de xestión da delegación territorial de Economía e Facenda e, para istos efectos, poderase solicitar dos servicios técnicos da consellería competente en materia de ambiente a información precisa.

³ Modificado polo Decreto 10/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproban determinadas modificacións en materia de taxas e prezos, do imposto de contaminación atmosférica e en materia económico-administrativa (DOG nº 18, do 27 de xaneiro de 2009)

⁴ Modificado polo decreto 10/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproban determinadas modificacións en materia de taxas e prezos, do imposto de contaminación atmosférica e en materia económico-administrativa (DOG nº 18, do 27 de xaneiro de 2009)

Artigo 18º. Revisión.⁵

Os actos e actuacións de aplicación deste tributo, así como os actos de imposición de sancións tributarias serán revisables conforme coas disposicións contidas na lei xeral tributaria.

O coñecemento das reclamacións económico-administrativas corresponderá con exclusividade aos órganos económico-administrativos da Comunidade Autónoma, sen prexuízo da vía contenciosa

Artigo 19º. Infraccións e sancións.

As infraccións tributarias do imposto sobre a contaminación atmosférica serán cualificadas e sancionadas de acordo co establecido na Lei xeral tributaria.

CAPÍTULO IV

Rexistro de Focos Emisores de Substancias Contaminantes

Artigo 20º. Sede.

O Rexistro de Focos Emisores de Substancias Contaminantes incluídas no feito impositivo do imposto sobre a contaminación atmosférica, creado para os efectos deste, terá a súa sede nas delegacións territoriais da Consellería de Economía e Facenda respecto dos situados no ámbito da súa demarcación territorial.

Artigo 21º. Declaración de alta.

1. Tódolos titulares de focos emisores están obrigados a presentar unha declaración de alta, no modelo que se aprobe para o efecto, perante a delegación da Consellería de Economía e Facenda correspondente.

2. No caso do establecemento e posta en marcha dun novo foco emisor, a dita declaración indicará o número de toneladas das substancias gravadas que se prevén

⁵ Modificado polo Decreto 10/2009, do 22 de xaneiro, polo que se aproban determinadas modificacións en materia de taxas e prezos, do imposto de contaminación atmosférica e en materia económico-administrativa (DOG nº 18, do 27 de xaneiro de 2009)

emitir no ano. O prazo para realizala será o dun mes contado desde o día da súa posta en funcionamento.

3. Os titulares de focos emisores en funcionamento á entrada en vigor da Lei 12/1995, do 29 de decembro, do imposto sobre a contaminación atmosférica, consignarán na oportuna declaración os datos relativos a 1995.

Artigo 22º. Inscripción⁶.

1. Procederá a inscrición no citado rexistro dos focos emisores que superen as 80 Tm anuais de emisión das substancias contaminantes gravadas.

2. Se dos datos obtidos da declaración á que se refire o artigo anterior se deduce que non procede a inscrición no Rexistro de Focos Emisores, conforme ao establecido no parágrafo anterior, persistirá a obriga de efectuar nova declaración de alta no suposto de que a contaminación efectiva anual superase as 80 Tm. A dita declaración presentarse dentro do mes de xaneiro seguinte

Artigo 23º. Modificación.

Cando se produza unha circunstancia modificadora dos extremos que figuran na declaración a que se refire o artigo 21º, e segundo o que se dispoña na correspondente orde de desenvolvemento, o titular do foco emisor, e no prazo dun mes contado desde o día que aquela circunstancia se producise, estará obrigado a comunicarllo á mesma delegación segundo o modelo que para o seu efecto se aprobe.

CAPÍTULO V

Fondo do Imposto sobre a Contaminación Atmosférica

SECCIÓN 1ª. NORMAS XERAIS

Artigo 24º. Destino do Fondo do Imposto de Contaminación Atmosférica.

⁶ Modificado polo Decreto 10/2009, do 22 de xaneiro, polo que se aproban determinadas modificacións en materia de taxas e prezos, do imposto de contaminación atmosférica e en materia económico-administrativa (DOG nº 18, do 27 de xaneiro de 2009)

O Fondo do Imposto sobre a Contaminación Atmosférica é un fondo de reserva adscrito á Consellería de Economía e Facenda que se destinará á atención de danos extraordinarios e situacións de emerxencia provocados por catástrofes ambientais derivadas de emisións atmosféricas ou verteduras realizadas sobre o solo ou augas marítimas ou terrestres, xa sexan superficiais ou subterráneas, de carácter contaminante.

Artigo 25º. Dotación do Fondo do Imposto de Contaminación Atmosférica.

1. A dotación e mantemento do fondo realizarase de acordo co disposto no Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

2. Unha vez coñecida a recadación correspondente ó exercicio anterior, dotarase o fondo cun 5% dos ingresos obtidos.

3. O período de referencia para o cálculo da dotación á que se refire a liña anterior será o correspondente ó exercicio liquidado anterior ó momento en que se efectúe a dotación.

4. O fondo deixará de dotarse cando alcance a contía de mil millóns de pesetas, cantidade que será repostada a medida que sexa utilizada mediante novas dotacións anuais en porcentaxe non superior á citada.

Artigo 26º. Comisión do Fondo do Imposto de Contaminación Atmosférica.

1. Créase a Comisión do Fondo do Imposto sobre a Contaminación Atmosférica co obxecto de decidir as actuacións ás que se destina este de acordo cos fins establecidos no artigo 24º.

2. O réxime xurídico da Comisión axustarase ás normas contidas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, (RCL 1992\2512, 2775 y RCL 1993\246), de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sen prexuízo das peculiaridades organizativas da Administración pública galega.

3. A composición da comisión quedará constituída da maneira seguinte:

- Presidente: o conselleiro de Economía e Facenda.
- Vicepresidente: o director xeral de Presupostos.
- Secretario: o secretario xeral de Medio Ambiente.
- Vocais: director xeral de Xustiza e Administración Local. Secretario xeral de Relacións coa Unión Europea e Acción Exterior. Director xeral de Calidade e Avaliación Ambiental. Director xeral de Saúde Pública. Director xeral do Centro de Información e Tecnolóxica Ambiental. Director xeral de Montes e Medio Ambiente Natural. Director xeral de Recursos Mariños. Director xeral de Protección Civil. Presidente do organismo autónomo Augas de Galicia.

4. Poderán asistir ás reunións, cando así o acorde o presidente, os titulares doutras unidades administrativas que teñan competencias relacionadas cos asuntos que se inclúan na orde do día, así como os técnicos e funcionarios que se consideren oportunos. Actuarán con voz e sen voto nos acordos que se tomen nos asuntos citados.

5. No caso de vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa legal, o presidente será substituído polo vicepresidente e, no seu defecto, polo membro de maior xerarquía, antigüidade e idade, por esta orde, de entre os seus compoñentes.

6. A comisión, na sesión de constitución, aprobará o seu regulamento interno de funcionamento.

Artigo 27º. Competencias da Comisión do Fondo do Imposto de Contaminación Atmosférica.

Serán competencias da comisión:

- 1) Iniciar e impulsar o procedemento de disposición do fondo do imposto.
- 2) Estudiar e valorar os danos extraordinarios e as situacións de emerxencia.
- 3) Solicitar cantos informes coide necesarios.
- 4) Decidir, de ser o caso, que danos e situacións se van atender, así como qué proporción do fondo se destinará os mesmos.
- 5) Levar a cabo un seguimento e control da utilización das cantidades concedidas.

Artigo 28º. Sesións da Comisión do Fondo do Imposto de Contaminación Atmosférica.

1. A comisión reunirse unha vez ó ano en sesión ordinaria.
2. Realizarase sesión extraordinaria cando a convoque o presidente ou a solicite calquera dos seus compoñentes.
3. O quórum mínimo para a realización das sesións será de, alomenos, 7 dos seus membros, requiríndose, en todo caso, a presenza do presidente ou do secretario ou das persoas que os substitúan.
4. As decisións adoptaranse por maioría absoluta, con voto dirimente do presidente en caso de empate.

SECCIÓN 2ª. INICIACIÓN, ORDENACIÓN E INSTRUCCIÓN DO PROCEDIMENTO DE DISPOSICIÓN DO FONDO DO IMPOSTO DE CONTAMINACIÓN ATMOSFÉRICA

Artigo 29º. Formas de iniciación.

1. O procedemento para a disposición do fondo poderá iniciarse de oficio ou por solicitude de calquera corporación local.
2. O procedemento iniciarase de oficio por acordo da comisión, ben por propia iniciativa ou por petición razoada doutros órganos da Administración autonómica.
3. Poderá iniciarse o procedemento mediante solicitude de calquera corporación local, logo de informe favorable da Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp).

Artigo 30º. Información previa.

A comisión abrirá un período de información previa ó acordo de iniciación co fin de coñecer as circunstancias do caso concreto e a conveniencia ou non de iniciar o procedemento.

Artigo 31º. Ordenación e instrucción do procedemento.

Adoptado o acordo de iniciación do procedemento, este impulsarase de oficio en tódolos seus trámites e axustarase ó sinalado nos artigos 74 ó 77 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

SECCIÓN 3ª. INSTRUCCIÓN DO PROCEDEMENTO DE DISPOSICIÓN DO FONDO DO IMPOSTO DE CONTAMINACIÓN ATMOSFÉRICA

Artigo 32º. Terminación.

1. Poñerá fin ó procedemento a resolución da comisión na que se determine a procedencia ou non da disposición do fondo coa finalidade establecida no artigo 24º. En caso de resolución positiva, esta fixará a cantidade que se destina a atender os danos extraordinarios e as situacións de emerxencia e os fins concretos a que se deban aplicar as ditas cantidades.

2. Tamén rematará o procedemento a imposibilidade material de continuo por causas sobrevidas que fagan innecesaria a reparación. A resolución deberá ser, en todo caso, motivada.

3. O prazo máximo de substanciación do procedemento será de tres meses desde o inicio do procedemento.

4. A resolución positiva fixará, así mesmo, a corporación local, órgano ou organismo autónomo de calquera das consellerías da Xunta, receptoras das cantidades concedidas e establecerá cláusulas precisas para proceder ó reintegro destas cantidades.

5. A resolución da comisión poñerá fin á vía administrativa.

Artigo 33º. Carácter das prestacións.

As prestacións do fondo terán o carácter de anticipo reintegrable, de tal forma que o fondo será restituído cando e na medida en que o responsable da catástrofe ambiental faga efectivas as cantidades correspondentes en virtude de declaración xudicial ou derivadas dun contrato de seguro ou de calquera outra garantía.

Artigo 34º. Informe.

Anualmente elaborarase un informe respecto do destino do fondo e a súa aplicación á atención de danos extraordinarios e situacións de emerxencia sinaladas con anterioridade. Este informe deberá enviarse ó Consello Galego de Medio Ambiente, para os efectos das súas funcións.